

**A Concellaría de Cultura promove unha ambiciosa iniciativa para apoiar e fortalecer a visibilidade e proxección da arte contemporánea máis puxante do país**

## **O MAR NA ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA**

*“OUTONARTE: Sobre o espazo infinito. A creación ao redor do mar” encherá A Coruña, do 6 ao 28 de setembro, de arte, música, obradoiros e creatividade de primeira orde*

**A Coruña, 5 de setembro de 2008.-** O mar coma sinal de identidade galega, unha realidade que serve de elemento aglutinador, o “espazo infinito” arredor do cal xira a máis puxante arte contemporánea do país. Tal é o fio condutor da ambiciosa iniciativa cultural que, promovida pola Concellaría de Cultura da Coruña, inaugúrase mañá, sábado, día 6 de setembro, ás 13 horas, na sala de exposicións de Palexco, coa fin de apoiar e mesmo fortalecer a visibilidade e sobre todo a proxección da arte galega do noso tempo.

*OUTONARTE: Sobre o espazo infinito. A creación ao redor do mar* ofrece aos cidadáns a posibilidade de se achegar á obra de trinta artistas novos, cadanseu coa súa linguaxe e mailo seu modelo creativo diferentes. Ao tempo, charlas e mesas redondas (todos os xoves de setembro), actuacións musicais (todos os sábados), obradoiros sonoros (días 20 e 21) e visitas guiadas (todos os sábados e domingos), cun “Roteiro Tabernario” en homenaxe a Lugrís como prato forte (día 25).

Fotografía, vídeo, debuxo, escultura, instalacións... A arte contemporánea galega con maiúscula encherá A Coruña, do 6 ao 28 de setembro, e non só figuradamente: as rúas da cidade tamén serán por unha vez sala comunitaria de exposicións. A maiores, a trintena de artistas seleccionados pola comisaria da mostra, Chus Martínez Domínguez, exhibirán as súas creacións en tres dos contenedores culturais da cidade: Palexco, Durán Loriga e María Pita.

A promoción das artes plásticas realizadas por artistas galegas e galegos que traballan no país é un dos eixos básicos de traballo da Concellaría de Cultura. De aí *OUTONARTE*. Tal e como sinala a concelleira, María Xosé Bravo, a exposición quere contribuir “ao noso obxectivo, compartido con outras administracións, de estimular o debate aberto, crítico e plural sobre a arte, o seu consumo e a súa funcionalidade social”.

“Dende a Concellaría de Cultura –di María Xosé Bravo– queremos realizar unha política de portas abertas que dea a coñecer ao público galego en xeral toda a riqueza de propostas dos nosos creadores máis novos. É por iso que por uns días queremos converter a cidade no centro da creación plástica actual pousando a mirada, neste caso, sobre o que a xente máis moza está a crear”.

## **Autores seleccionados**

- Sala Salvador de Madariaga (rúa de Durán Loriga)  
Roberto Ribao, Santi Jiménez, Maribel Castro, Pinto & Chinto, José Domingo, Carlos Arrojo, Xurxo Gómez Penalta, Estéfani Bouza, Kike Benlloch e Alberto Vázquez.
- Sala Municipal do Concello (praza de María Pita)  
Pamen Pereira, Raquel Durán, Samuel Castro, Mar Caldas e Almudena Fernández.
- Sala Palexco  
Rita Rodríguez, María e Martín Marticorena, Nicolás Combarro García, Damián Ucieda, benito Freire, Antón Cabaleiro, Neves Seara, Carlos Maciá, Víctor García Alonso, Ana Gil e José Mouriño.
- En espazos públicos  
Carlos Rial, Desperfecta e Gabriel Tizón.

## Actividades paralelas

Toda a cidade será cómplice da iniciativa *A creación ao redor do mar*: rúas, museos e xardíns sumaranse a OUTONARTE e participarán del. Ao redor da mostra, a Concellaría de Cultura programou unha serie de actividades que van desde as actuacións musicais con instrumentos orixinais como o “acuófono”, que funciona con pingas de auga, ata un “Roteiro Tabernario”, na busca da pegada artística de Lugrís pola Coruña.

### Actuacións musicais

- *Mañá sábado, día 6*, trala inauguración da mostra a cargo da concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, actuará ás *13 horas* na sala de exposicións de Palexco o grupo Intermission Percussion. Ás *19 horas*, xa nos xardíns de Méndez Núñez, será o grupo senegalés Galu Teranga e os seus “Sons e ritmos africanos”.
- *Sábado 13, ás 18 horas*, no Aquarium Finisterrae (Casa dos Peixes), audición de acuófono, instrumento musical que funciona con pingas de auga.
- *Sábado 20, ás 21 horas*, diante do Palexco, o Metropolitan Media Movement presentará o seu espectáculo “Counterviews”: unha suxerinte mestura de música, poesía, danza, teatro e imaxe.
- *Sábado 27, ás 17,30 horas*, na Praza de María Pita, actuará Nova Galega de Danza e logo, ás *21 horas*, diante de Palexco, Odaiko Percussion Group ofrecerá o concerto “Galician on the board”, unha representación chea de luz e son.

### Charlas e mesas redondas

No mes de setembro os xoves serán de conversa. Así, os *días 11, 18 e 25, ás 19,30 horas*, na sala de exposicións de Palexco, haberá un diálogo aberto entre creadores, críticos, galeristas, escritores e axentes relacionados coa arte. Serán momentos para a reflexión, o intercambio de experiencias e a posta en común de cuestións relacionadas co presente e futuro das artes plásticas.

- 11 de setembro. Charla ao cargo do poeta e artista plástico Baldo Ramos.  
“Os ollos das palabras. Libros de poesía para ver”.
- 18 de setembro. Mesa redonda “A creación hoxe: retos e oportunidades”, con Mar Caldas, Neves Seara, Joaquín Lens, Ana Gil, Jaime Oíza. Moderará Xulio L. Valcárcel.
- 25 de setembro. Mesa redonda “Lugrís, pintor do mar”, con Luís Rei Núñez, Antón Patiño e Xabier Seoane.

### “Roteiro Tabernario”

O xoves 25, *ás 21,30 horas, Sobre o espazo infinito. A creación ao redor do mar* renderá homenaxe a Lugrís. Trala mesa redonda (que terá lugar en Palexco, ás 19,30 horas), e da man de Antón Patiño e Xurxo Souto, farase un percorrido por aqueles lugares da Coruña onde Lugrís deixou a súa pegada artística.

### Obradoiros sonoros

Os días 20 e 21 de setembro, de 11 horas a 14 horas, na sala de exposición de Palexco, “A paisaxe sonora de Galicia”, unha oportunidade para achegarse en primeira persoa á experiencia acústica do mar da Coruña.

### Visitas guiadas

*Todas as fines de semana do mes*, para facilitar ao público un achegamento aos conceptos que os artistas queren expresar coas súas obras e, ao tempo, ofrecer unha panorámica sobre a arte emerxente máis actual realizada polos artistas galegos máis novos.

- Sábados 13, 20 e 27 de setembro  
18 h – Pazo Municipal de María Pita  
18.45 h – Palexco  
19.30 h – Salvador de Madariaga
- Domingos 14, 21 e 28 de setembro  
12 h – Pazo Municipal de María Pita  
12.45 h – Palexco  
13.30 h – Salvador de Madariaga